

NÚMERO 13/16

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 24 DE NOVIEMBRE DE 2016.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas e cinco minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Nuria Castro García, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. María Pardo Fafián, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o sr. Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Non asisten, escusando a súa ausencia, as concelleiras D^a. Ariadna Rodríguez Teijeiro e D^a. Zeltia Natividade García Ben.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta anterior.-

O sr. Anido di que o seu grupo non vai aprobar esta acta porque na do Pleno anterior aparece un parágrafo que nada ten que ver coa orde do día desa sesión. O sr. Secretario o invita a que manfeste de que erro se trata sen que o concelleiro o faga, e indica que as observacións sobre supostos erros desa acta deberon facerse no trámite da súa aprobación, en vez de votar en contra sen manfestar nada; comunica tamén o sr. Secretario que emitirá un informe sobre o trámite de aprobación das actas, por se o sr. Alcalde estima oportuno transmitilo aos sres. voceiros. Seguidamente, sen observacións sobre a acta nº 12/2016 de 27 de outubro, apróbase a mesma por maioría, con nove votos a favor e seis en contra do grupo PP.-

2º.- Proposta da Alcaldía de ratificación da Declaración de María Pita, do 20 de outubro de 2016, para a creación da Área Metropolitana da Coruña.-

O sr. Alcalde expón a proposta de ratificación polo Pleno do Concello da Declaración de María Pita, asinada polos alcaldes o 20 de outubro de 2016, para a vertebración da área metropolitana da Coruña, fórmula xurídica que vai máis alá dunha simple mellora dos servizos públicos, que podería facerse cunha mancomunidade, con unha fórmula xurídica menos ambiciosa, e que considera a fórmula máis acaída pola vinculación social que teñen os concellos do perímetro de A Coruña; destaca o paso adiante dado polo goberno municipal de Coruña e a necesidade da área metropolitana para defender os dereitos dos cidadáns e mellorar globalmente o benestar dos veciños e remata pedindo o voto unánime da Corporación.-

Maniféstanse a favor da proposta os voceiros dos grupos BNG, PDSP e PSOE. O voceiro do grupo PP, sr. Anido, di non estar en contra da área metropolitana, pero si das formas do Concello de A Coruña, que utiliza este asunto como cortiña de fume dos seus fracasos e como estratexia política, cando por outra parte bloquea asuntos como a ampliación de Alfonso Molina ou a estación intermodal que son materia propia da área metropolitana; isto supón un cambio de rumbo por parte dalgúns concellos respecto do acordo de fai tres meses sobre creación da mancomunidade, pola que o PP segue apostando; a postura do seu grupo é seguir cos trámites de constitución da mancomunidade e paralelamente cos trámites de creación da área metropolitana, á que poderían adscribirse outros concellos ademais dos que integran o Consorcio As Mariñas.-

O sr. Alcalde di que claro que desde un principio apostouse pola mancomunidade, pero esta ten o problema de que nela non está A Coruña, aínda que no seu momento el defendeu a creación dunha mancomunidade a dez, con Arteixo e A Coruña; agora hai a oportunidade de que o concello da Coruña se una aos concellos da área, despois de múltiples solicitudes de moitos membros do Consorcio as Mariñas para que se adhirese ao proxecto de mancomunidade, e no foro de Mariñán de abril marcouse como obxectivo acabar creando a Área Metropolitana da Coruña, por acordo dos 9 concellos do Consorcio das Mariñas e do concello da Coruña; entre as mancomunidades e as Áreas Metropolitanas hai diferencias legais substanciais, a favor da maior vinculación social, asistencial, e incluso económica coa Área Metropolitana; é un obxectivo ambicioso, cun trámite parlamentario complicado pero considera que é o mellor para todos, hai moitos servizos, como o abastecemento de auga, cuxa fórmula xurídica quedaría solventada coa vinculación xurídica que supón a área metropolitana e habería menos dificultades na xestión dos recursos.-

Sometido o asunto a votación, acórdase por maioría, con nove votos a favor e seis en contra:

1º.- Ratificar e asumir a Declaración de María Pita, asinada o día 20 de outubro de 2016 polos alcaldes dos concellos de Bergondo, Betanzos, Cambre, Coruña, Culleredo, Oleiros e Sada, e en consecuencia, manifestar o apoio e respaldo municipal á constitución da Área Metropolitana de A Coruña.-

2º.- Trasladar este acordo á Alcaldía e Pleno da Corporación do Concello da Coruña, instando do mesmo a adopción do acordo plenario ao que se refire o art. 122.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, na consideración de que corresponde a dito Concello de A Coruña dar comezo formal ao procedemento de constitución da área metropolitana.-

3º.- Facultar á Alcaldía para a adopción de cantas medidas esixa a debida execución deste acordo.-

3º.- Proposta da Alcaldía de desistimento do expediente sobre asunción polo concello da competencia impropia de mantemento do CEIP O Mosteirón.-

A Alcaldía somete a deliberación o ditame da Comisión Xeral sobre a proposta de desistimento do expediente sobre asunción polo concello da competencia impropia de mantemento do CEIP O Mosteirón.-

A sra. Bolaño expón que o goberno municipal decidiu someter a ditame do Consello Consultivo o asunto, mesmo prevendo cal podería ser a súa posición, ante a situación de bloqueo xerada pola falta de resposta da Xunta, da que esperaba maior implicación, porque o Concello sempre tivo a intención de resolver o problema do mantemento deste centro escolar.-

Maniféstanse a favor da proposta os voceiros dos grupos BNG, PDSP e Sadamaioría.-

A sra. García Freire di que a postura do grupo PP sobre isto é a mesma que en decembro pasado; o camiño elixido polo goberno municipal séguelles parecendo un erro, era mellor a xestión do mandato anterior, no que se acadaron axudas extraordinarias para o centro, e agardar a que a Xunta fixera no centro as necesarias reparacións antes do traspaso da competencia ao concello, para así evitar cuantiosos gastos. Gustaríalle saber se hai un compromiso firme por parte da consellería de seguir facéndose cargo do mantemento pois dubida de que esta siga facendo achegas de xeito que só será o Concello quen teña que asumir os gastos do colexio; os 30.000 euros do concello só chegan para a electricidade e o gas-oil, non sabe de onde vai saír o presuposto para o resto, humidades, roturas, xardín, etc., que antes asumía a Xunta; a pesar de todo isto o voto do seu grupo será favorable.-

A sra. Bolaño di que as achegas extraordinarias que ata agora fixo a Xunta non procedían dun compromiso firme senón que era o alcalde quen debía mendigar para que se atendera ás necesidades do centro, porque a Xunta por sistema desatendía os gastos que eran da súa responsabilidade. Por outra parte, os mantementos que corresponden aos concellos nos centros escolares son gastos correntes, auga, luz, pequenas reparacións; as grandes obras nos centros escolares seguen dependendo da Consellería. A sra. García di que non se referiu a grandes obras senón a que a antigüidade e estado do centro farán necesario atender a moitos mais problemas e que os 30.000 euros só chegan para luz e calefacción, e a sra. Bolaño di que iso deberase ao abandono no que a Xunta tivo ao centro durante anos, debatendo longamente ditas concelleiras sobre estes extremos.-

O sr. Alcalde quere matizar que os 30.000 van ao tipo de gastos que se puxeron no expediente de competencias impropias cando se iniciou en decembro, e algún deles van baixar cando se saquen a contratación xunto co resto de bens do concello. Di que o gasoil non está incluído nesos 30.000, porque o gasoil de calquera centro sexa ou non titularidade da Xunta o paga esta por un convenio que hai coa FEGAMP. Quere felicitar á comunidade escolar de O Mosteirón, porque hai unha parte moi activa que colaborou co concello en tramitar este expediente, que facilitou os datos de gastos e comunicou os seus problemas e as súas necesidades. Considera que se seguiu o camiño axeitado primeiro co expediente de competencias impropias e logo acudindo ao Consello Consultivo; tal vez non sexa a solución máis axeitada, pero é unha solución, levaban dez anos con este problema e nunca se atopara a solución para unha situación na que se estaban pagando servizos básicos cos cartos destinados a educación dos nenos.-

O sr. Alcalde somete o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Desistir do expediente para a asunción polo Concello da competencia impropia de mantemento do edificio escolar do CEIP O Mosteirón iniciado por acordo de 30-12-2015, procedendo ao seu arquivo, con fundamento no ditame de 25-10-2016 do Consello Consultivo de Galicia segundo o cal é competencia propia municipal a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial incluso non sendo estes de propiedade municipal.-

4º.- Expediente de modificación de tarifas da Ordenanza Fiscal número 11, reguladora da taxa polo servizo de redes de sumidoiros.-

Dáse conta do ditame favorable da Comisión informativa Xeral sobre a proposta de modificación de tarifas da Ordenanza Fiscal número 11, reguladora da taxa polo servizo de redes de sumidoiros.-

O sr. López di que se trata só de actualizar as taxas segundo o IPC, pero trátase dun servizo cun déficit importante e un obxectivo fundamental do concello de cara a 2020, ano en que acaba a vixente concesión, é facer un novo contrato en virtude do cal os sadenses paguen polo que usan e se unifiquen servizos.-

Sometido o asunto a votación acórdase por unanimidade:

1º.- De conformidade co disposto nos artigos 16 e 17 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, apróbase con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora da Taxa polos servizos de redes de sumidoiros, dando nova redacción ao seu artigo 5, números 2 e 3, e á súa disposición final, nos seguintes termos:

"2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de sumidoiros e depuración determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.-

A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

a) Vivendas:

Por sumidoiros: 0,299281 euros/m3.

Por depuración: 4,886244 euros/mes.

b) Fincas e locais non destinados a vivendas.

Por sumidoiros: 0,299281 euros/m3.

Por depuración: 4,886244 euros/mes.

3. En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ao mínimo facturable por subministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínimo esixible.-

"Disposición Final.- A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2016, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir desa data, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa".-

2º.- Expoñer ao público este acordo no Taboleiro de Edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, durante o prazo de 30 días hábiles contados dende o data de publicación do último destes anuncios, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, quedando elevado dito acordo a definitivo no caso de que non se presentaran reclamacións dentro do prazo sinalado.-

5º.- Expediente de modificación de tarifas da Ordenanza Fiscal número 21, reguladora da taxa polo servizo de abastecemento de auga.-

Dada conta do ditame da Comisión Xeral sobre a proposta do epígrafe, acórdase por unanimidade:

1º.- De conformidade co disposto nos artigos 16 e 17 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, apróbase con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal nº 21, reguladora da Taxa polo subministro de auga, dando nova redacción ao seu artigo 3, letras A), B) e C), e á súa disposición final, nos seguintes termos:

"Artigo 3.- Contía.-

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:

A) Abonados domésticos:

- Por cota de servizo: 4,476181 euros/mes

- Bloque 1.-Consumo ata 10 m3/mes: 0,328777 euros/m3

- Bloque 2.-Consumo a partir de 10 m3/mes: 0,569606 euros/m3

O mínimo desta tarifa será de 10 m3/mes.

B) Abonados industriais:

- Por cota de servizo: 5,613911 euros/mes.

- Bloque 1.-Consumo ata 25 m3/mes: 0,453345 euros/m3.

- Bloque 2.-Consumo a partir de 25 m3/mes: 0,810440 euros/m3.

O mínimo desta tarifa será de 25 m3/mes.

C) Conservación de contadores:

- Contador ata 13 mm: 0,23 euros/mes.

- Contador ata 20 mm: 0,29 euros/mes.

- Contador ata 25 mm: 0,37 euros/mes.

- Contador ata 30 mm: 0,47 euros/mes.

- Contador maior de 30 mm: 1,04 euros/mes".-

“Disposición Final.- A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 24 de novembro de 2016, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir desa data, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa".-

2º.- Expoñer ao público este acordo no Taboleiro de Edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia, durante o prazo de 30 días hábiles contados desde a data de publicación do último destes anuncios, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, quedando elevado dito acordo a definitivo no caso de que non se presentaran reclamacións dentro do prazo sinalado.-

6º.- Proposición da Alcaldía sobre recoñecemento de compatibilidade á concelleira delegada Dª María Pardo Fafián para o exercicio do seu cargo municipal en réxime de dedicación parcial con actividades públicas.-

Sometese a ratificación a inclusión na orde do día da proposición da Alcaldía sobre recoñecemento de compatibilidade á concelleira delegada Dª María Pardo Fafián para o exercicio do seu cargo municipal en réxime de dedicación parcial con actividades públicas, ao non vir previamente ditaminada pola Comisión informativa Xeral, sendo dita ratificación aprobada por unanimidade.-

Tras mencionar a sra. Pardo que presenta esta solicitude por ser a súa obriga como funcionaria, o sr. Anido di que o seu grupo vai votar a favor, pero outros compañeiros de bancada dela estiveron, na súa opinión, oito meses cobrando irregularmente, mentres que cando o grupo PP estivo no goberno a sra. Salorio solicitou a compatibilidade e o grupo BNG votou en contra.-

Sometido o asunto a votación acórdase por unanimidade:

1º.- Recoñecer a Dª. María Pardo Fafián, concelleira delegada de Cultura e Praias, a compatibilidade do exercicio deste cargo en réxime de dedicación parcial, coas actividades públicas do seu posto de funcionaria de carreira do Concello de Bergondo, en horario en horario de 8:30 h. a 15:00 h. de luns a venres e os xoves de 15:15 a 17:45, segundo se reflicte na documentación remitida por dito concello.-

2º.- Dito recoñecemento de compatibilidade queda condicionado a que as respectivas actividades se desenvolvan en todo momento en horario non coincidente co das funcións correspondentes ao cargo de concelleiro delegado, e non supoñan en ningún caso impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes da concelleira.-

Control de Órganos de Goberno:

7º.- Informes e comunicacións.-

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 24-10-2016 a 18-11-2016.-

- Infórmase, de conformidade co acordado en sesión 26-10-2016, da aceptación do réxime de dedicación establecido en virtude de acordo desa data por parte do Concelleiro delegado de Administración Local, Obras e Servizos.-

- O Concelleiro delegado de Urbanismo, sr. Montouto, en relación co asunto do que deu conta en pleno anterior sobre o depósito que esixiu do concello o xulgado do contencioso núm. 3 no asunto Meu Lar, por importe do duplo do presuposto de execución das licenzas outorgadas a dita entidade, aproximadamente 4 millóns de euros, para responder do pago de indemnizacións a terceiros de boa fe como paso previo á demolición, informa de que o pasado día 7 de novembro foi notificada a sentenza pola que se estima o recurso presentado polo concello e se revoca a obriga de depositar ditas garantías.-

8º.- Mocións.-

8.1.- Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico a sra. Reimúndez presenta a moción do grupo BNG relativa á ampliación da acreditación por violencia machista, creación do estatuto do feminicidio e toma de medidas contra as consecuencias sobre as mulleres da desigualdade económica, xustificando a súa urxencia en que mañá, día 25 de novembro, é o día internacional contra a violencia de xénero, e como vemos todos os días nos medios de comunicación cada día hai máis mortes por violencias machistas.

Sometida a votación a declaración de urxencia da moción, é a mesma aprobada por unanimidade, procedendo a sra. Reimúndez a ler o texto da moción, cuxa parte dispositiva é a seguinte:

“1.- Instar á Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Feminicidio.-

Introducir asimismo na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou documento acreditativo da propia orde de protección ou medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/ou certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do concello, informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente.-

Asimismo iniciar os traballos para modificar da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do Feminicidio e o estatuto de protección das vítimas do feminicidio.-

Finalmente, instar á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención ás mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.-

2.- Instar á Xunta a promover, en diálogo coas organizacións sociais, medidas para contrarrestar a violencia económica sobre as mulleres e á rescisión dos contratos da Xunta coas empresas que non cumpren a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres.-

3.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado”.-

Aberta a deliberación o sr. Tellado manifesta que o seu grupo está de acordo co concepto de feminicidio que propoñen e non incluír só os casos de violencia física senón outras cuestións en contra da e a saúde que nada teñen que ver coa violencia, como a deficiente asistencia médica que derive nun aumento de mortandade das mulleres. Considera que debe ser o Parlamento de Galicia quen avale a inclusión do termo feminicidio e outras reformas lexislativas, e o seu grupo vai propoñer unha emenda da que dá lectura nos seguintes termos:

“1.- Instar ao Parlamento de Galicia neste período de sesións a comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres.-

2.- Instar ao Parlamento de Galicia a incluír no plan de traballo da comisión non permanente de estudo para igualdade e dos dereitos das mulleres a proposta dos grupos parlamentarios que o integran, a persoas expertas no ámbito xurídico, co obxecto de poder avalar a inclusión do termo feminicidio na lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero así como outras posibles modificacións lexislativas.-

3.- Instar á Xunta de Galicia en diálogo coas organizacións sociais, sindicais e empresariais e dentro da mesa de diálogo social, a que se promovan medidas encamiñadas a que as empresas cumpran co dereito á igualdade salarial e á non discriminación retributiva entre mulleres e homes”.-

Afirma o sr. Tellado que de non ser aprobada esta emenda o seu voto será en contra ao acordo.-

A sra. Reimóndez di que agradece as achegas e que lle gustaría que o PP se sumase á moción, pero hai que seguir na mesma liña de traballo porque é unha lacra social evidente contra a que hai que actuar independentemente da cor política.-

Sometida a votación a emenda do grupo PP, queda a mesma desestimada por seis votos a favor e nove en contra, resultando aprobada a moción por nove votos a favor e seis en contra.-

8.2.- Seguidamente o sr. Alcalde presenta unha declaración institucional proposta desde o Consorcio das Mariñas dende a área de servizos sociais, cuxa declaración de urxencia xustifícase en que mañá é o día 25. Tras declararse por unanimidade a urxencia, o sr. Alcalde dá lectura á seguinte declaración:

“Tristemente, un ano mais, vémonos na obriga de condenar a morte de 39 mulleres vítimas da violencia machista, unha cifra que ano tras ano permanece practicamente invariable e que amosa o noso fracaso como sociedade, na que a desigualdade e a violencia de xénero seguen moi presentes.-

Lonxe de pensar que cada vez estamos mais cerca de acadar obxectivos positivos observamos, lamentablemente, como entre as novas xeracións este problema ten maior forza que fai uns anos.-

Algo estamos a facer mal, non só dende as institucións públicas senón da sociedade no seu conxunto, dos valores que transmitimos á mocidade a través das nosas relacións diarias, dos medios audiovisuais, dos distintos medios de comunicación... todos e todas nós somos responsables, como parte activa desta sociedade, do modelo que estamos a transmitir.-

Hoxe é un día para lembrar a todas as vítimas amosando de forma conxunta o noso rexeitamento á violencia machista, non obstante, o respecto e o diálogo como as armas mais efectivas de loita contra calquera tipo de violencia, aquelas que nos permiten avanzar como sociedade e tomar consciencia da necesidade de erradicar esta enfermidade que deteriora a nosa convivencia a diario.-

Loitar contra a maltrato, pero contribuíndo a través das accións en positivo, opoñernos á violencia de xénero no noso día a día cunha actitude coherente a ese rexeitamento, a través dunha linguaxe e duns actos, que se corresponda coas nosas intencións.-

Hoxe todas as forzas políticas do Concello de Sada, facemos esta Declaración Institucional do Pleno, en representación de todas as veciñas e veciños do noso concello, coa esperanza de que un día poidamos vernos libres desta lacra que corroe a nosa sociedade e co forte compromiso, de cada un e cada unha de nós, de amosar no vindeiro ano unha actitude tolerante, respectuosa e dialogante, trasladando no día a día a nosa coherencia coa igualdade que defendemos.-

Recordar que este fin de semana, como forma de visibilizar este rexeitamento popular, terá lugar a V andaina pola Igualdade e contra a Violencia de Xénero na que participaremos todos os concellos que formamos As Mariñas, invitando a toda a poboación a sumarse a este percorrido solidario”.-

9º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Gómez pregunta ao concelleiro delegado de Urbanismo polo estado actual de dúas vivendas en Alborelle, Soñeiro, que se construíron ilegalmente, porque houbo unhas actuacións de certas persoas nesas vivendas. O sr. Montouto responde que descoñece ese dato pero o comprobará e contestará no seguinte Pleno.-

O sr. Rodríguez Ares formula o rogo, que denomina vexetal, de que se limpe as hedras que medran xunto á porta lateral deste edificio consistorial.-

O sr. Anido, en relación cunha moción do seu grupo sobre actuacións en materia de prevencións de inundacións, que quedou sobre a mesa por cuestións de competencia, roga que se lea o informe da Secretaría e os artigos da Lei de Augas de Galicia que regulan a execución de obras en réxime de colaboración, afirma que hai un río urbano e que o concello ten a responsabilidade de acudir a outras administracións cun proxecto de actuación e pregunta se o sr. Alcalde ten ese proxecto e se o vai levar á cita que ten solicitada coa conselleira de Medio Ambiente, porque o proxecto de saneamento que levou á Deputación non ten que ver co problema do que está falando. Di descoñecer o proxecto do que ten falado o sr. Alcalde feito en colaboración coa Universidade e con Emalcsa, espera que se faga canto antes ou que no seu caso se contrate unha enxeñería. Concreta a súa intervención dicindo que o sr. Alcalde levou a varias administracións un proxecto baixo o brazo, e preguntando se o sr. Alcalde ten ese proxecto redactado, cando o vai ter e en que consiste.-

O sr. Alcalde explica as solucións estudadas para diversos problemas de zonas moi afectadas habitualmente por pequenas inundacións, non na dimensión da do 30 de marzo, como as rúas de Cantalarrana nas que a vertente de pluviais é cara a zona do recheo, ou a falta dun separativo de pluviais e saneamento na rúa Culleredo, que produce inundacións por retorno no saneamento, non inundacións polo río, obras para as que si ten o concello competencias e vanse facer cofinanciadas coa Deputación da Coruña que mostrou o seu compromiso de colaborar nese proxecto; di que o estudio da Universidade vanllo entregar nos próximos días e non é un proxecto construtivo, pero si a diagnose do que hai que facer para solucionar problemas coma os do 30 de marzo, e que o vai levar á Consellería; a proposta da universidade da Coruña será feita pública en breve, el é o primeiro interesado en que ese estudo saia á luz, en coñecer o que pasou aquel día e cales son as posibles solucións. O goberno municipal ofreceu a Augas de Galicia a súa colaboración desde o primeiro momento, pero en vista de que tardaban en facer un estudo chegaron a un acordo con Emalcsa. Informa tamén dunha unha subvención obtida da Deputación para a colocación de varios autómatas en diferentes pozos de bombeo para detectar infiltración de pluviais en diversas zonas e mellorar a rede de colectores de saneamento.-

O sr. Anido insiste na gravidade do problema das inundacións, para o que ofrece o apoio total e absoluto do seu grupo.-

O sr. López roga que se pode unha árbore que hai dentro do perímetro da gardería municipal, para evitar que coas vindeiras borrascas poida caer unha póla no tellado. A sra. Reimóndez informa de que se quere conservar esa árbore e de que foi informada polo servizo de xardinería de que agora non é o momento para proceder á poda, pero se terá en conta o rogo no seu momento.-

A sra. García Freire di que co novo horario implantado na Biblioteca municipal redúcense servizos, ata agora había un horario de 48 horas semanais e agora será de 37, incluso contra o que figuraba no programa electoral do PSOE. Roga que se non poden mellorar os servizos polo menos non os empeoren. A sra. Pardo di que se trata dun problema de antigo que lle comunicou o persoal da biblioteca, segundo o cal non coñecían o horario que tiñan que facer na semana seguinte, dúas tardes á semana como mínimo había que cubrir con persoal externo e non profesional da biblioteca e que facían 48h semanais só dúas auxiliares, pese a ter unha xornada laboral de 35 h semanais. Ante isto pedíuselle ao persoal da

biblioteca que fixesen propostas para non deixar este servizo en precario, unha delas foi a contratación de persoal que non é posible polas limitacións legais; outra abrir de 8 a 3, pero non cubre as necesidades dos usuarios, ou minguar o horario de tarde e deixar o horario de mañá en 4 horas, pero a maior parte da poboación acude á biblioteca polas tardes. Por isto houbo que considerar alternativas, como a apertura dunha sala de lectura ou estudio para ampliar o horario de atención á cidadanía e reducir en 2h diarias o servizo de préstamo, non o resto de servizos. Di que o problema está parcialmente paliado abrindo a biblioteca de 9-11 por persoal externo simplemente como sala de lectura e se está traballando noutras vías como solicitar financiamento que xa está acadada para a realización dunha sala de lectura e estudo, que estaría aberta durante todo o horario de apertura da casa da Cultura.-

O sr. Anido, en relación coa comunicación efectuada nesta sesión polo sr. Montouto sobre a sentenza que elimina a obriga de depósito de garantía de 4 millóns de euros, di que o derrubamento que poida acordar o xulgado ten uns responsables e hai que investigar quen son.-

A sra. García Freire roga que non se intimide aos veciños que acoden ao grupo PP e que logo os membros deste expoñen no Pleno.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e trinta e seis minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-